



CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Expediente nº: 203/2025

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE UN TRACTORISTA E TRES PEÓNS QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE BECERREÁ AO ABEIRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO (PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024)”.

PRIMEIRA.-OBJECTO

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases e da correspondente convocatoria, a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de oposición de: **un tractorista e tres peóns** para seren contratados como persoal laboral temporal ao abeiro PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO (PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024) e que se configura como un plan destinado a favorecer a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se contraten.

O Concello de Becerreá comparte coa Deputación Provincial de Lugo o interese no desenvolvemento de políticas activas de emprego que fomenten a súa creación. En concreto mediante o **“PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO”**, o Concello de Becerreá pretende contratar a catro traballadores como medida para paliar a actual conxuntura de falla de emprego en concordancia coas estratexias europeas, en concreto coa de lograr o pleno cumprimento da normativa medioambiental da UE que *non só aportará grandes beneficios para o medio ambiente e a saúde, senón que tamén creará emprego. Nesta mesma liña, non se trata só de acelerar e ampliar as solucións sostibles, senón tamén de tender pontes e aumentar a coherencia entre os diferentes programas a tódolos niveis. A coherencia das políticas é unha condición indispensable para garantir que poidamos cumprir los ODS Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) suscritos por 193 Estados, incluída a Unión Europea e os seus Estados membros, e asegurar a longo prazo o crecemento verde e inclusivo da UE* - Fonte: “Para unha Europa sostible de aquí a 2030” Comisión Europea, 30 de xaneiro de 2019.

Neste contexto, no Concello de Becerreá atopamos os dous condicionantes principais para a aplicación destas políticas activas de emprego:

1-. Os recursos que deben ser eficiente e eficazmente empregados, dos que dispón o Concello de Becerreá e que constitúen a nosa principal riqueza, son os vinculados aos recursos naturais, de ahí que se pretenda articular as políticas de fomento do emprego coas de posta en valor dos nosos recursos naturais, principal e practicamente única fonte de riqueza nun concello sen actividade empresarial salientable e menos aínda industrial.

Se pretende contratar a persoal para a realización de tarefas de mantemento e conservación de bens de titularidade pública incluídas as vías públicas que en concreto e no que fai ás competencias municipais, vincúlase coa xestión e o aproveitamento dos recursos naturais, cunha duración de seis meses, data na que se estiman rematados os traballos propostos e o propio plan de emprego que en todo caso remata o 31 de outubro de 2025.

Trátase este dun servizo prioritario se queremos converter ao Concello de Becerreá nun ámbito territorial onde sexa posible vivir con niveis óptimos de calidade de vida e onde sexa posible desenvolver actividades vinculadas co aproveitamento e conservación dos nosos recursos naturais.

Todo elo sen esquecer que tamén son servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, aos efectos de proceder á



contratación de persoal laboral temporal, os vinculados ao fomento do emprego e desenvolvemento local, obxecto último da subvención a conceder pola Deputación Provincial de Lugo no marco do Programa **PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO** que ten por obxecto favorecer na súa execución **a formación e as practicas profesionais das persoas desempregadas que se van a contratar.**

2.- O segundo condicionante para a aplicación desta política activa de emprego ven constituída pola situación de desemprego que afecta a unha importante porcentaxe dos veciños de Becerreá. O derradeiro dato publicado do paro rexistrado en Becerreá (xaneiro de 2025) arroxa a cifra de 106 parados dos que 70 pertencen ao sector servizos.

O obxectivo é revertir esta situación ofrecendo unha contratación destinada principalmente á obtención de formación e de prácticas profesionais, para as persoas desempregadas que se contraten coa finalidade de que poidan no futuro desenvolver as súas tarefas en empresas de servizos forestais da zona adicadas á realización de tratamentos de silvicultura, extinción de incendios, mantemento de infraestruturas contra incendios, así como de realización de obras de conservación e mantemento claves para o mantemento e fixación da poboación no Concello de Becerreá, etc... Sen poboación no rural non hai *crecemento verde e inclusivo*.

Os contratos terán unha duración de seis meses, periodo no que se estiman rematados os traballos e o propio plan de emprego.

Co fin de non interromper o programa de emprego de duración temporal, aqueles candidatos que superen o proceso selectivo pero que non acaden a puntuación máxima para seren propostos para a contratación, pasarán a formar parte dunha listaxe para posibles baixas ou substitucións.

No suposto de que o candidato seleccionado non desexe suscribir o contrato laboral temporal ou unha vez suscrito, se suspenda ou extinga a relación laboral por calquera causa, o concello notificará ao seguinte candidato seleccionado segundo a orde de puntuación para formalizar un novo contrato.

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos aspirantes será o de **oposición**.

1.4. A presente convocatoria e as bases publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<http://concellodebecerreia.sedelectronica.gal>), ao igual que o resto das publicacións a que faga referencia a lexislación vixente. Un anuncio desta convocatoria se publicará no BOP de Lugo.

SEGUNDA.-FUNCIONES

2.1 TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

Os contratos laborais que se formalizarán coa/as persoa/as seleccionada/as será de





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

duración determinada na modalidade de **CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN** previsto no artigo 15.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET), para a adquisición de práctica profesional mediante a realización de tarefas de mantemento e conservación de bens de titularidade pública, que nesta época do ano se ven incrementadas (polas condicións climatolóxicas adversas) aínda tratándose de actividade normal e a creación de emprego temporal ao abeiro do PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO **cunha duración de seis meses**, momento no que se estiman rematados os traballos e o propio programa de emprego, a xornada completa.

2.2. FUNCÍONS.

Traballos urxentes e inaprazables no marco do fomento do emprego: tarefas xerais relacionadas co mantemento e conservación de bens de titularidade pública, tales como, limpeza de vías públicas incluída a roza de camiños, mantemento e conservación destas, excavación e recheo de fochancas, zanxas, estender capas de grava, formigón e outros materiais, reparación e mantemento de beirarúas, colocación de bordillos, reparación de pavimentos, pintado de vías, reparación e instalación de tuberías, etc... sinalización de obras e en xeral aquelas que se lle encargue o xefe de persoal no ámbito das súa categoría, así como o emprego da maquinaria municipal.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou



en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) De conformidade co establecido na base 11.1 das Bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 é imprescindible que as persoas a contratar se atopen na situación ou procedencia dos candidatos sexa a **situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.**

f) Titulación: Non se esixe estar en posesión de ningunha titulación do sistema educativo.

g) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B1.

CUARTA. SOLICITUDES

A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ao modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e dirixirase ao Sr. Alcalde do Concello de Becerreá, **no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que se publique o anuncio de convocatoria no BOP de Lugo.**

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente.
- b) Carnet de conducir.
- c) Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.
- d) Declaración responsable, asinado/a pola ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou polo aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Documento expedido polo Servizo Galego de Colocación que acredite que o solicitante está en desemprego ou na situación de mellora de emprego, cun informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

As solicitudes poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

QUINTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<http://concellodebecerreia.sedelectronica.gal>) sinalándose un prazo de dous (2) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Na publicación indicárase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes, nos termos previstos na lexislación vixente. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, o Alcalde dictará resolución definitiva, contra a cal se poderá interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpor directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento.

Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal estará constituído por un número impar de membros, funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo, debendo designarse o mesmo número de suplentes, un dos cales actuará coma presidente/a e outro coma secretario/a do tribunal.

O Alcalde nomeará por decreto os membros do tribunal e os seus suplentes e fixará a data da súa constitución, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público, que será publicado no taboleiro de anuncios

Consonte ao establecido no devandito artigo o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso aoposto convocado.

Secretario/a: Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso aoposto convocado.

Vogais (3): Empregado público con titulación igual ou superior ao esixido para o acceso aoposto convocado.

Na designación dos membros do tribunal se garantirá, sempre que sexa posible, a súa composición paritaria entre homes e mulleres, con só unha diferenza de un entrambolosdous sexos, ó ser a súa composición impar.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir cando concorraneles, circunstancias das previstas no 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de RéximeXurídico do Sector Público.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas na presente base, conforme o artigo 24 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de RéximeXurídico do Sector Público.

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.



O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa signatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, dirimindo o presidente co seu voto de calidade, tódalas dúbidas que se produzan na aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

SÉTIMA. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

Consistirá na realización dunha proba práctica relativa a algún dos labores e funcións a levar a cabo no posto de traballo que se convoca e encamiñada a demostrar a capacidade do aspirante para a realización das funcións propias do posto de traballo valorándose o tempo empregado, a destreza, as medidas preventivas necesarias para levar a cabo unha labor óptima, e demais actuacións relativas ao desenvolvemento destas tarefas.

Esta proba terá carácter eliminatorio, e puntuarase de 0 a 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación de 5 para superala.

OITAVA. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

Os exercicios realizarase no prazo máximo de 20 días hábiles desde a constitución do tribunal que xulgue as probas, anunciándose con tres días naturais de antelación, como mínimo, o comezo dos exercicios, no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>) sinalándose o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

Os anuncios sucesivos publicaranse no taboleiro de anuncios da súa sede electrónica (<http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>).

Os aspirantes deberán presentarse para á realización do exercicio provistos de DNI ou documento oficial e fidedigno (pasaporte, carnet de conducir...), acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os/as aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos da oposición os que non comparecesen, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente valorados polo tribunal. As xustificacións ou probas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran.

Para establecer a orde en que haberán de actuar os aspirantes naqueles exercicios nos que non poidan facelo conxuntamente, se estará o resultado do sorteo publicado pola Resolución correspondente, que se realizou ao abeiro do establecido no Art. 9 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de personal de administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

NOVENA. RELACIÓN DE APROBADOS.

O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate de puntuacións se resolverá por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais.

O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia antes da formalización do contrato, o órgano convocante poderá requerir ao órgano de selección relación complementaria dos/as aspirantes que sigan aospropostos, para a súa posible contratación.

A devandita relación complementaria poderá tamén servir para constituír unha lista de reserva para cubrir as baixas que se produzan durante o periodo de duración do plan de emprego.

DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as candidatos propostos para seren contratados deberán achegar no prazo de tres (3) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentara anteriormente xunto coa instancia de participación:

1) Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a o aspirantes reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

UNDÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa.

DUODÉCIMA. - FINANZAMENTO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO

Este programa esta financiado a través do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024 da Deputación Provincial en concreto "PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO".

DÉCIMO TERCEIRA.- IMPUGNACIÓN.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en via administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazodun mes a contar dende o diaseguiteo da publicación das bases. Se transcurrira un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición sen que este foraresolto, poderán entenderse que foi desestimado e interpor recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.

- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte da publicación das bases.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do Tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o e na Lei 29/98 de 13 de xullo



reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

En Becerreá

O alcalde

Don Manuel Martinez Núñez

ANEXO I.-TEMARIO

TEMARIO TRACTORISTA.

Nocións xerais de tratamentos silvícolas. Roza mecanizada cun tractor en vías e camiños. Normas de seguridade e hixiene de aplicación no traballo en vías públicas e EPIS do contrato de obra.

TEMARIO PEÓN.

Nocións xerais mantemento e conservación de bens de titularidade pública, tales como, limpeza de vías públicas incluída a roza de camiños, mantemento e conservación destas, excavación e recheo de fochancas, zanxas, estender capas de grava, formigón e outros materiais, reparación e mantemento de beirarúas, colocación de bordillos, reparación de pavimentos, pintado de vías, reparación e instalación de tuberías, etc... sinalización de obras, emprego da maquinaria e EPIS.

ANEXO II.

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN TRACTORISTA E TRES PEÓNS QUE SE CONTRATEN NO CONCELLO DE BECERREÁ AO ABEIRO DO PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO (PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024) "DURANTE SEIS MESES A XORNADA COMPLETA".

D/
a.....provis
o/a de D.N.I. nº..... con enderezo na
R/.....nº..... piso.....
.....

C.Postal.....Localidade.....
.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello de Becerreá para a contratación laboral de _____ (indicar o posto ao que se opta)

DECLARO:

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reuno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ós servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ao posto ao que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas;

-no caso de ser nacional doutro Estado-, de que non estou inhabilitado ou en





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do Becerreá para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

CUARTO.- Solicito ser admitido/a a participar no referido procedementocomprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte:

(TACHAR O QUE PROCEDA)

- o DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- o Permiso de condución en vigor tipo B1.
- o ACREDITACIÓN DA SITUACIÓN DE DESEMPREGADO O DE MELLORA DE EMPREGO.

....., de.....de 20...

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BECERREÁ

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE BECERREÁ para o exercicio das función e competencias atribuídasó CONCELLO DE BECERREÁ na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, diante do delegado de protección de datos do Concello de Becerreá na seguinte dirección dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org

En Becerreá

O Alcalde, Don Manuel Martínez Núñez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA DATA QUE FIGURA AO MARXE.

